**PISTACATRO PRESENTA**

# DROP



**ONDE RESIDEN OS OBXECTOS?** Os obxectos, cando están quietos, apoiados no chan, sobre as súas bases, poden ser útiles, belos, oportunos, chamativos ou discretos... pero non están vivos. O lugar no que os obxectos destellan e se inflama coa vida, onde realmente arden de vida, é no ar. É por esto que volvémonos tolos cos globos, coas pompas de xabrón, os drons, as cometas e as estrelas. **DROP** é un espectáculo de malabares, pero tamén, e sobre todo, **DROP** é un espectáculo de malabaristas. Persoas que desenvolven unha calidade especial para manter obxectos flotando no ar. Un xogo de nenos convertido nun xeito de vida. Pero fora diso e ó igual que o resto das persoas, os nenos medran e conviven co seu entorno, cos seus retos, os seus problemas, os seus atributos e carencias, e tratan de manter todo no ar para sobrevivir nun lugar no que todo remata caendo. Por iso **DROP** xoga, constantemente e máis que nunca, coa metáfora que compara ós malabares coa vida. E lémbranos que, dalgún xeito, todas e todos somos grandes malabaristas. Catro malabaristas e un pianista convídannos a vivir no mundo dos soños, no que ollamos patróns, coreografías de obxectos, debuxos no ar que non son outra cousa que os problemas e as tarefas do día a día de calquera de nos. E, durante unha hora, se non se cae o mundo, farannos sair do chan e voltar a caer para lembrarnos que, isto da vida, non é máis que un xogo.





**PISTACATRO** é a compañia e a productora de circo máis relevante das Artes Vivas en Galicia. Distribue as súas propias produccións ou algunhas outras que nacen da matriz creativa do proxecto Circonove, así como aquelas que consideramos importantes baixo criterios de calidade e interese cultural. Logo de máis de 15 anos dende a súa constitución oficial, no ano 2006, **PISTACATRO** pretende continuar asentándose como a productora decana das novas correntes circenses en Galicia, abrindo novos mercados e públicos. Un facilitador de profesionalización do circo na nosa terra baixo criterios de calidade e interese cultural, respeitando os dereitos dos traballadores e artistas que, dalgún xeito, participan no noso proxecto. Queremos ser un catalizador que permita a comunicación con outras persoas e proxectos para xerar cultura en coprodución ou en colaboración manténdonos fieis á nosa complicidade co público. Un mecano nas mans dos seus integrantes para compartir soños.





# FICHA ARTÍSTICA E TÉCNICA

**Espectáculo de:** Pistacatro Productora de Soños S.L.

**Axudante dramaturxia e traballo de escena:** Diego Anido

**Composición musical:** Nacho Muñoz

**Deseño Espazo escénico:** Belém Brandido,  Pablo Reboleiro

**Vestuario:** Uxia P. Vaello

**Deseño de Iluminación:** Octavio Más

**Técnica en xira:** RTA

**Fotografia:** Rubén Vilanova

**Deseño gráfico:** Juan Gallego

**Vídeo:** Tamboura Films

**Espazos aliados:**

Concello de Noia,

Concello de Negreira,

Concello de Santiago de Compostela

**Idea orixinal de:** Pablo Reboleiro

**Dirección:** Pablo Reboleiro

**Elenco:** Aitor Garuz, Santiago Montero, Guillermo Porta, Pablo Reboleiro, Nacho Muñoz

**Produción:** José Expósito, Belém Brandido

**Construcción e deseño de escenografia e utillería:** José Perozo







# RAIDER ILUMINACIÓN

**Raider Iluminación DROP:**

- Cámara negra italiana
- Linóleo blanco
- Ciclorama.
- 05 unidades de ETC 15/30°
- 12 unidades de TTC 25/50°
- 19 unidades pc 1kw
- 04 unidades de ROBE robin 300 wash led
- 08 unidades MARTIN par led 2 RGB Zoom
- 01 unidad de pantalla 4x fluor l.negra 36w con tripode
- 01 unidad ETC 19°+ iris- para cañon en tripode
- 4 porta gobos
- 2 iris
- 12 peanas suelo

**Contacto diseño de Iluminación:**

Octavio Mas

Técnico en Gira. RTA



# PLANO DE IMPLANTACIÓN 01

## (TEATRO PRINCIPAL. SANTIAGO DE COMPOSTELA) Planta escenario & Patio de butacas




### LENDA PROXECTORES:

- 05 Unid: ETC. Source 4- 15/30º
- 12 Unid: ETC. Source 4- 25/50º
- 19 Unid: PC selecom 1kw
- 08 Unid: M Rush Par 2 RGB Zoom
- 04 Unid: ROBE robin 300wash led
- 01 Unid: X4 fluor luz negra
- 01 Unid: cañón seguim

- Número de unit
- Número de chanel
- Color
- Con iris

- pc 18 thur 26 sin palas
- Cámara negra italiana
- 4Xportagfobos-2 iris
- 12 peanas de suelo

CONTACTO:
Belém Brandido
distribucion@pistacatro.com
www.pistacatro.com
Tel.: 627 778 351 / 981 937 819




PISTA CATRO


PISTA CATRO · Xacobeo 2021 · AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE · CONCELLO DE SANTIAGO · CONCELLO DE NOIA · CONCELLO DE NEGREIRA · Escena Galega · APCG